Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA Nº 2024/7

SESIÓN ORDINARIA
DO PLENO DA CORPORACIÓN

SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE LOUSAME,
VENRES, 31 DE MAIO DE 2024

No día de hoxe, ás **20:35 horas**, baixo a presidencia da Alcaldesa, reúnense os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, **sesión ordinaria,** do Pleno da Corporación.

ASISTEN:
PP
MARÍA TERESA VILLAVERDE PAIS
ESTEBAN ARES GARCÍA
SILVIA AGRAFOJO FILGUEIRA
RAMÓN MANUEL MARTINEZ RIAL
MARIEL AGRAFOJO NIETO
JOSÉ ANTONIO CES BARREIRO

PSdG-PSOE
JUAN JOSÉ PREGO CES
IRIA INSUA GONZÁLEZ
CRISTIAN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

GRUPO MIXTO (BNG)
ANXO MOLEDO CARREÑO

AUSENCIAS:
ANA MARÍA DOMÍNGUEZ LAÍÑO (PSdG-PSOE)

SECRETARIO/A-INTERVENTOR/A:
PAULA ARES OTERO

Unha vez verificada a válida constitución do Pleno, dado que se cumpre a asistencia mínima do terzo do número legal dos seus membros, así como a presenza da Alcaldía e da Secretaría (ou de quen legalmente os substitúa), a Presidencia abre a sesión.

De seguido o Alcalde Accidental procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

Parte resolutiva:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Parte resolutiva:

1) Aprobación, se procede, da Política de Seguridade do Concello de Lousame
2) Aprobación, se procede, do incremento dos límites cuantitativos nun contrato plurianual (EC 24/2024)
3) Aprobación, se procede, do REC 7/2024
4) Aprobación, se procede, do REC 8/2024
5) Aprobación, se procede, da moción do GPM do PP relativa a garantir ás Administracións Locais a provisión de funcionarios de Administración Local con habilitación nacional dependentes da Administración do Estado.

Parte de control:

6) Dación de conta das Resolucións da Alcaldía: da 167/2024 á 329/2024.
7) Dación de conta dos acordos adoptados pola XGL
8) Dación de conta dos informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria.
9) Dación de conta do PMP relativo ao 1T 2024
10) Dación de conta do informe da Intervención emitido ao abeiro do 218 do TRLRFL
11) Dación de conta dos informes da Intervención relativos ao control interno do exercicio 2023
12) Inclusión de mocións por razón de urxencia
13) Rogos e preguntas

1) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA POLÍTICA DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE LOUSAME.

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, ditaminada pola Comisión Informativa, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da parte dispositiva:

"O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a lexislación en materia de réxime local, adopta o seguinte acordo para o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), en virtude dos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- As Administracións Públicas teñen como obxectivo crear as condicións adecuadas para o desenvolvemento de servizos ligados á evolución da tecnoloxía e promover e impulsar, de igual modo, o seu uso entre a cidadanía e o sector privado. Esta evolución, implica tamén unha maior facilidade para o tratamento de gran cantidade de información, a cal debe ser debidamente protexida.

Segundo.- A consagración do dereito para comunicarse coa Administración Pública a través de medios electrónicos, recolleuse na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Esta Lei, ademais, impuxo a necesidade dunha adecuada protección da información e dos servizos, que permitise usar os medios electrónicos con confianza.

Terceiro.- Para dar resposta a un marco común de seguridade da información nas administracións públicas, en desenvolvemento da Lei 11/2007, do 22 de xuño, aprobouse o Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulou o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica, e estableceu os principios básicos e requisitos mínimos que, de acordo co interese xeral, natureza e complexidade da materia regulada, permitirán, desde entón, unha protección adecuada da información e os servizos.

Cuarto.- Coa aprobación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dáse un impulso definitivo á implantación dos procesos electrónicos no sector público, impoñéndose a necesidade de respectar un marco común de seguridade da información. A entrada en vigor de ambas as leis consagra a necesidade de desenvolver todos os medios electrónicos necesarios para que a cidadanía poida desenvolverse electronicamente co sector público, facéndose imprescindible garantir o cumprimento dos principios básicos e requisitos mínimos, establecendo as medidas de seguridade necesarias que haberán de ser proporcionais ás dimensións de seguridade relevantes e á categoría do sistema de información a protexer.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto. - Coa aprobación do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade derrógase o Real Decreto 3/2010 (mencionado no punto terceiro), actualizándose o ENS para cumprir tres grandes obxectivos: en primeiro lugar, aliñar o ENS co marco normativo e o contexto estratéxico existente para garantir a seguridade na administración dixital; en segundo lugar, introducir a capacidade de axustar os requisitos do ENS, para garantir a súa adaptación á realidade de certos colectivos ou tipos de sistemas, atendendo á semellanza que presentan unha multiplicidade de entidades ou servizos en canto aos riscos aos que están expostos os seus sistemas de información e os seus servizos e en terceiro lugar, facilitar unha mellor resposta ás tendencias en ciberseguridade, reducir vulnerabilidades e promover a vixilancia continua mediante a revisión dos principios básicos, dos requisitos mínimos e das medidas de seguridade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e especialmente no seu artigo 156, establecen a necesidade de aprobar unha política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito de actuación do sector público.

Segundo.- Que o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, establecen a necesidade de adoptar medidas de seguridade técnicas e organizativas, e que en caso do sector público en xeral, son derivadas pola Disposición Adicional Primeira da citada Lei Orgánica ás medidas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.

Terceiro. - En aplicación do Real Decreto que regula o Esquema Nacional de Seguridade, é obrigación do Concello a protección da información tratada e os servizos prestados polo que debe implantar unha serie de medidas de seguridade que se aplicarán tanto no marco organizativo, como no operacional e de protección, e deberá aprobar a Política de Seguridade da Información, a cal recollerá entre outros aspectos os requisitos para ter en conta na Organización da seguridade.

De acordo co disposto e coa potestade de autoorganización da entidade recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta o establecido no Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, o Pleno do Concello **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Política de seguridade da información do Concello de Lousame que se achega ao presente acordo como ANEXO I.

SEGUNDO.- Que esta Política de seguridade da información do Concello sexa publicada no BOP así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento de todo o persoal afectado; así como iniciar a tramitación de procedementos necesarios que garantan a plena efectividade e aplicación da mesma.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións. Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"O Pleno Corporativo do Concello de Lousame, no uso das facultades que lle confire a lexislación en materia de réxime local, adopta o seguinte acordo para o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade (ENS), en virtude dos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- As Administracións Públicas teñen como obxectivo crear as condicións adecuadas para o desenvolvemento de servizos ligados á evolución da tecnoloxía e promover e impulsar, de igual modo, o seu uso entre a cidadanía e o sector privado. Esta evolución, implica tamén unha maior facilidade para o tratamento de gran cantidade de información, a cal debe ser debidamente protexida.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo.- A consagración do dereito para comunicarse coa Administración Pública a través de medios electrónicos, recolleuse na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Esta Lei, ademais, impuxo a necesidade dunha adecuada protección da información e dos servizos, que permitise usar os medios electrónicos con confianza.

Terceiro.- Para dar resposta a un marco común de seguridade da información nas administracións públicas, en desenvolvemento da Lei 11/2007, do 22 de xuño, aprobouse o Real Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regulou o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica, e estableceu os principios básicos e requisitos mínimos que, de acordo co interese xeral, natureza e complexidade da materia regulada, permitirán, desde entón, unha protección adecuada da información e os servizos.

Cuarto.- Coa aprobación da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, dáse un impulso definitivo á implantación dos procesos electrónicos no sector público, impoñéndose a necesidade de respectar un marco común de seguridade da información. A entrada en vigor de ambas as leis consagra a necesidade de desenvolver todos os medios electrónicos necesarios para que a cidadanía poida desenvolverse electronicamente co sector público, facéndose imprescindible garantir o cumprimento dos principios básicos e requisitos mínimos, establecendo as medidas de seguridade necesarias que haberán de ser proporcionais ás dimensións de seguridade relevantes e á categoría do sistema de información a protexer.

Quinto. - Coa aprobación do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade derrógase o Real Decreto 3/2010 (mencionado no punto terceiro), actualizándose o ENS para cumprir tres grandes obxectivos: en primeiro lugar, aliñar o ENS co marco normativo e o contexto estratéxico existente para garantir a seguridade na administración dixital; en segundo lugar, introducir a capacidade de axustar os requisitos do ENS, para garantir a súa adaptación á realidade de certos colectivos ou tipos de sistemas, atendendo á semellanza que presentan unha multiplicidade de entidades ou servizos en canto aos riscos aos que están expostos os seus sistemas de información e os seus servizos e en terceiro lugar, facilitar unha mellor resposta ás tendencias en ciberseguridade, reducir vulnerabilidades e promover a vixilancia continua mediante a revisión dos principios básicos, dos requisitos mínimos e das medidas de seguridade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.-

Primeiro.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e especialmente no seu artigo 156, establecen a necesidade de aprobar unha política de seguridade na utilización de medios electrónicos no ámbito de actuación do sector público.

Segundo.- Que o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais, establecen a necesidade de adoptar medidas de seguridade técnicas e organizativas, e que en caso do sector público en xeral, son derivadas pola Disposición Adicional Primeira da citada Lei Orgánica ás medidas previstas no Esquema Nacional de Seguridade.

Terceiro. - En aplicación do Real Decreto que regula o Esquema Nacional de Seguridade, é obrigación do Concello a protección da información tratada e os servizos prestados polo que debe implantar unha serie de medidas de seguridade que se aplicarán tanto no marco organizativo, como no operacional e de protección, e deberá aprobar a Política de Seguridade da Información, a cal recollerá entre outros aspectos os requisitos para ter en conta na Organización da seguridade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

De acordo co disposto e coa potestade de autoorganización da entidade recoñecida no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, tendo en conta o establecido no Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, o Pleno do Concello **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a Política de seguridade da información do Concello de Lousame que se achega ao presente acordo como ANEXO I.

SEGUNDO.- Que esta Política de seguridade da información do Concello sexa publicada no BOP así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal, para xeral coñecemento de todo o persoal afectado; así como iniciar a tramitación de procedementos necesarios que garantan a plena efectividade e aplicación da mesma.

ANEXO I:

Política de Seguridade da Información do Concello de Lousame

1. INTRODUCIÓN

O Concello de Lousame depende dos sistemas TIC (Tecnoloxías da Información e das Comunicacións) para acadar os seus obxectivos, exercer as súas competencias e prestar os servizos que ten atribuídos. Estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, adoptando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados que poidan afectar á dispoñibilidade, integridade ou confidencialidade da información tratada ou os servizos prestados.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade da información xunto coa prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas TIC deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos. Isto implica que os departamentos deben aplicar as medidas mínimas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade, así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Os diferentes departamentos deben asegurarse de que a seguridade TIC é unha parte integral de cada etapa do ciclo de vida do sistema, desde a súa concepción ata a súa retirada de servizo, pasando polas decisións de desenvolvemento ou adquisición e as actividades de explotación. Os requisitos de seguridade e a valoración do seu custo deben ser identificados e incluídos na planificación, na solicitude de ofertas, e en pregos de licitación para proxectos de TIC.

2. OBXECTIVOS DO CONCELLO DE LOUSAME

O Concello de Lousame, para a xestión dos seus intereses e das funcións e competencias que ten atribuídas en diferentes normas e convenios, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza. Para iso, pon á disposición da cidadanía a realización de trámites en liña co obxectivo de impulsar a tramitación electrónica dos procedementos administrativos, a mellora na prestación dos servizos e a participación da cidadanía nos asuntos públicos establecendo, deste xeito, novas vías de participación que garanten o desenvolvemento da democracia participativa e a mellora da eficacia e eficiencia da acción pública.

Por outra banda, deséxase potenciar o uso das novas tecnoloxías no concello e na propia cidadanía. Os principais obxectivos que se perseguen entre outros son: fomentar a relación electrónica da cidadanía co concello, e crear a confianza necesaria entre a veciñanza e o concello nesta relación.

3. ALCANCE

Esta política aplicarase aos sistemas de información do Concello de Lousame que están relacionados co exercicio de dereitos por medios electrónicos, co cumprimento de deberes por medios electrónicos ou co acceso á información ou ao procedemento administrativo e que se atopan dentro do ámbito de aplicación do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4. MARCO NORMATIVO

A base normativa que afecta ao desenvolvemento das actividades e competencias do Concello de Lousame no que á administración electrónica se refire, e que implica a implantación de forma explícita de medidas de seguridade nos sistemas de información, está constituída pola seguinte lexislación:

• Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

• Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

• Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

• Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.

• Resolución do 13 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade.

• Resolución do 7 de outubro de 2016, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Informe do Estado da Seguridade.

• Resolución do 27 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Auditoría da Seguridade dos Sistemas de Información.

• Resolución do 13 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se aproba a Instrución Técnica de Seguridade de Notificación de Incidentes de Seguridade.

• Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

• Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos, RGPD).

• Lei 36/2015, do 28 de setembro, de Seguridade Nacional.

• Lei 6/2020, do 11 de novembro, reguladora de determinados aspectos dos servizos electrónicos de confianza.

• Regulamento (UE) Nº 910/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de xullo de 2014, relativo á identificación electrónica e os servizos de confianza nas transaccións electrónicas no mercado interior e polo que se derroga a Directiva 1999/93/CE (regulamento eIDAS).

• Real Decreto 1308/1992, do 23 de outubro, polo que se declara ao Laboratorio do Real Instituto e Observatorio da Armada, como Laboratorio depositario do patrón nacional de Tempo e Laboratorio asociado ao Centro Español de Metrología.

• Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e de comercio electrónico.

• Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre a reutilización da información do sector público.

• Real Decreto 1553/2005, do 23 de decembro, polo que se regula o documento nacional de identidade e os seus certificados de firma electrónica.

• Lei 25/2007, do 18 de outubro, de conservación de datos relativos ás comunicacións electrónicas e ás redes públicas de comunicacións.

• Lei 56/2007, do 28 de decembro, de Medidas de Impulso da sociedade da información.

• Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e medios de comunicación social.

• Real Decreto 1495/2011, do 24 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2007, do 16 de novembro, sobre a reutilización da información do sector público, para o ámbito do sector público estatal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

• Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro electrónico de facturas no sector público.

• Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

• Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español (arquivo).

• Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

• Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

• Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

• Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (vixente nos apartados sinalados na disposición derrogatoria única da Lei 11/2022, do 28 de xuño).

• Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

• Lei 11/2022, do 28 de xuño, xeral de telecomunicacións (segundo prazos entrada en vigor de disposición desta lei).

• Ordenanza reguladora da Administración Electrónica do Concello de Lousame (BOP núm. 195 do 07.11.2022)

• Decreto de aprobación da Política de sinatura electrónica do Concello de Lousame (Resolución do 22/05/2024)

Tamén forman parte do marco normativo, entre outras, as restantes normas aplicables á Administración Electrónica do Concello de Lousame derivadas das anteriores e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación desta Política.

O mantemento do marco normativo será responsabilidade do Concello de Lousame e manterase nun Anexo a este documento, que incluirá as instrucións técnicas de seguridade de obrigado cumprimento, publicadas mediante resolución da Secretaría de Estado de Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a proposta do Comité Sectorial de Administración Electrónica e a iniciativa do *Centro Criptológico Nacional* (CCN) tal e como se establece no Real Decreto.

Así mesmo, o Concello de Lousame tamén será responsable de identificar as guías de seguridade do CCN, que serán de aplicación para mellorar o cumprimento do establecido no Esquema Nacional de Seguridade.

5. CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS MÍNIMOS DE SEGURIDADE

O Concello de Lousame, para lograr o cumprimento do Real Decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, que recolle os principios básicos e dos requisitos mínimos, implementou diversas medidas de seguridade proporcionais á natureza da información e dos servizos a protexer e tendo en conta a categoría dos sistemas afectados.

A seguridade como un proceso integral e mínimo privilexio

A seguridade enténdese como un proceso integral constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, xurídicos e organizativos, relacionados co sistema. A aplicación do Esquema Nacional de Seguridade ao Concello de Lousame estará presidida por este principio, que exclúe calquera actuación puntual ou tratamento conxuntural.

Prestarase a máxima atención á concienciación das persoas que interveñen no proceso e ás súas responsables xerárquicas, para evitar que a ignorancia a falta de organización e coordinación ou as instrucións inadecuadas constitúan fontes de risco para a seguridade.

Os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios para o seu correcto desempeño, o que implica incorporar os seguintes aspectos:

• O sistema proporcionará a funcionalidade imprescindible para que a organización acade os seus obxectivos competenciais ou contractuais.

• As funcións de operación, administración e rexistro de actividade serán as mínimas necesarias, e asegurarase que só son desenvolvidas polas persoas autorizadas, desde emprazamentos ou equipos asemade autorizados, podendo esixirse, no seu caso,

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

restricións de horarios e puntos de acceso facultados.

• Nun sistema de explotación eliminaranse ou desactivaranse, mediante o control da configuración, as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas ao fin que se persegue. O uso ordinario do sistema ha de ser sinxelo e seguro, de forma que unha utilización insegura requira dun acto consciente por parte do usuario.

• Aplicaranse guías de configuración de seguridade para as diferentes tecnoloxías, adaptadas á categorización do sistema, para o efecto de eliminar ou desactivar as funcións que sexan innecesarias ou inadecuadas.

Vixilancia continua, avaliación periódica e integridade, actualización do sistema e mellora continua do proceso de seguridade

A vixilancia continua por parte do Concello de Lousame permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.

A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración.

As medidas de seguridade avaliaranse e actualizaranse periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e os sistemas de protección, podendo chegar a unha reformulación da seguridade, se fose necesario.

A inclusión de calquera elemento físico ou lóxico no catálogo actualizado de activos do sistema, ou a súa modificación, requirirá autorización formal previa.

A avaliación e monitorización permanentes permitirán adecuar o estado de seguridade dos sistemas atendendo ás deficiencias de configuración, as vulnerabilidades identificadas e as actualizacións que lles afecten, así como a detección temperá de calquera incidente que teña lugar sobre os mesmos.

O proceso integral de seguridade implantado deberá ser actualizado e mellorado de forma continua. Para iso, aplicaranse os criterios e métodos recoñecidos na práctica nacional e internacional relativos á xestión da seguridade das tecnoloxías da información.

Xestión de persoal e profesionalidade

Todo o persoal propio e alleo relacionado cos sistemas de información do Concello de Lousame, dentro do ámbito do ENS, serán formados e informados dos seus deberes, obrigas e responsabilidades en materia de seguridade. A súa actuación será supervisada para verificar que seguen os procedementos establecidos.

O significado e alcance do uso seguro do sistema concretarase e plasmará nunhas normas de seguridade que serán aprobadas pola dirección ou o órgano superior correspondente. De igual modo, determinaranse os requisitos de formación e experiencia necesaria do persoal para o desenvolvemento do seu posto de traballo.

A seguridade dos sistemas de información estará atendida e será revisada e recibirá auditoría por persoal cualificado, dedicado e instruído en todas as fases do seu ciclo de vida: planificación, deseño, adquisición, construción, despregamento, explotación, mantemento, xestión de incidencias e desmantelamento.

De maneira obxectiva e non discriminatoria esixirase que as organizacións que proporcionan servizos ao concello conten con profesionais cualificados e cuns niveis idóneos de xestión e madurez dos servizos prestados.

Xestión da seguridade baseada nos riscos, análise e xestión de riscos

A análise e a xestión dos riscos será parte esencial do proceso de seguridade e será unha actividade continua e permanentemente actualizada.

A xestión dos riscos permitirá o mantemento dunha contorna controlada, minimizando os riscos a niveis aceptables. A redución a este niveis realizarase mediante unha apropiada aplicación de medidas de seguridade, de maneira equilibrada e proporcionada á natureza da información tratada, dos servizos a prestar e dos riscos aos que estean expostos.

Esta xestión realizarase por medio da análise e tratamento dos riscos aos que está exposto o sistema. Sen prexuízo do disposto no anexo II do ENS empregarase algunha metodoloxía recoñecida internacionalmente. As medidas adoptadas para mitigar ou suprimir os

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

riscos deberán estar xustificadas e, en todo caso, existirá unha proporcionalidade entre elas e os riscos.

Incidentes de seguridade, prevención, detección, reacción e recuperación

O Concello de Lousame dispón de procedementos de xestión de incidentes de seguridade de acordo co previsto no artigo 33, a Instrución Técnica de Seguridade correspondente, e de mecanismos de detección, criterios de clasificación, procedementos de análises e resolución, así como das canles de comunicación ás partes interesadas.

A seguridade do sistema contemplará as accións relativas aos aspectos de prevención, detección e resposta, ao obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou aos servizos que presta.

As medidas de prevención poderán incorporar compoñentes orientados á disuasión ou á redución da superficie de exposición, deben eliminar ou reducir a posibilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.

As medidas de detección irán dirixidas a descubrir a presenza dun ciber-incidente.

As medidas de resposta xestionaranse en tempo oportuno, estarán orientadas á restauración da información e dos servizos que puidesen verse afectados por un incidente de seguridade.

O sistema de información garantirá a conservación dos datos e información en soporte electrónico.

De igual modo, o sistema manterá dispoñibles os servizos durante todo o ciclo vital da información dixital, a través dunha concepción e procedementos que sexan a base para a preservación do patrimonio dixital.

Existencia de liñas de defensa e prevención ante outros sistemas de información interconectados

O Concello de Lousame está a implementar unha estratexia de protección do sistema de información constituída por múltiples capas de seguridade, constituídas por medidas organizativas, físicas e lóxicas, de tal forma que cando unha capa foi comprometida permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.

Protexerase o perímetro do sistema de información, especialmente, cando o sistema do concello conéctase a redes públicas, tal e como se definen na lexislación vixente en materia de telecomunicacións, reforzándose as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.

En todo caso, analizaranse os riscos derivados da interconexión do sistema con outros sistemas e controlarase o seu punto de unión. Para a adecuada interconexión entre sistemas estarase ao disposto na Instrución Técnica de Seguridade correspondente.

Diferenciación de responsabilidades, organización e implantación do proceso de seguridade

O Concello de Lousame organizou a súa seguridade comprometendo a todos os membros da corporación mediante a designación de diferentes roles de seguridade con responsabilidades claramente diferenciadas, tal e como se recolle no apartado de “MODELO DE GOBERNANZA” desta Política.

Autorización e control dos accesos

O Concello de Lousame implementou mecanismos de control de acceso ao sistema de información, limitándoo aos usuarios, procesos, dispositivos e outros sistemas de información, debidamente autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas.

Protección das instalacións

O Concello de Lousame implementou mecanismos de control de acceso físico, previndo os accesos físicos non autorizados, así como os danos á información e aos recursos, mediante perímetros de seguridade, controis físicos e proteccións xerais en áreas.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade

Para a adquisición de produtos ou contratación de servizos de seguridade o Concello de Lousame terá en conta a utilización de forma proporcionada á categoría do sistema e o nivel de seguridade determinado, aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.

Para a contratación de servizos de seguridade atenderase ao sinalado en canto á profesionalidade.

Protección da información almacenada e en tránsito e continuidade da actividade

O Concello de Lousame prestará especial atención á información almacenada ou en tránsito a través dos equipos ou dispositivos portátiles ou móbiles, os dispositivos periféricos, os soportes de información e as comunicacións sobre redes abertas, que deberán analizarse especialmente para lograr unha adecuada protección.

Aplicaranse procedementos que garantan a recuperación e conservación a longo prazo dos documentos electrónicos producidos polos sistemas de información comprendidos no ámbito de aplicación deste protocolo, cando iso sexa esixible.

Toda información en soporte non electrónico que sexa causa ou consecuencia directa da información electrónica á que se refire este real decreto, deberá estar protexida co mesmo grao de seguridade que esta. Para iso, aplicaranse as medidas que correspondan á natureza do soporte, de conformidade coas normas que resulten de aplicación.

Os sistemas disporán de copias de seguridade e estableceranse os mecanismos necesarios para garantir a continuidade das operacións en caso de perda dos medios habituais.

Rexistro de actividade e detección de código daniño

O Concello de Lousame, co propósito de satisfacer o obxecto deste protocolo, con plenas garantías do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos afectados, e de acordo coa normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación, rexistrará as actividades dos usuarios, retendo a información estritamente necesaria para monitorizar, analizar, investigar e documentar actividades indebidas ou non autorizadas, permitindo identificar en cada momento á persoa que actúa.

Co obxecto de preservar a seguridade dos sistemas de información, garantindo a rigorosa observancia dos principios de actuación das Administracións públicas, e de conformidade co disposto no Regulamento Xeral de Protección de Datos e o respecto aos principios de limitación da finalidade, minimización dos datos e limitación do prazo de conservación alí enunciados, o concello poderá, na medida estritamente necesaria e proporcionada, analizar as comunicacións entrantes ou saíntes, e unicamente para os fins de seguridade da información, de forma que sexa posible impedir o acceso non autorizado ás redes e sistemas de información, deter os ataques de denegación de servizo, evitar a distribución malintencionada de código daniño así como outros danos ás anteditas redes e sistemas de información.

Para corrixir ou, no seu caso, esixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.

Infraestruturas e servizos comúns

O Concello de Lousame terá en conta que a utilización das infraestruturas e dos servizos comúns das administracións públicas, incluídos os compartidos ou transversais, facilitará o cumprimento do disposto neste protocolo.

Perfís de cumprimento específicos e acreditación de entidades de implementación de configuracións seguras

O Concello de Lousame terá en conta a aplicación daqueles perfís de cumprimento específicos para Entidades Locais que sexan de aplicación.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6. MODELO DE GOBERNANZA

Para garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade e establecer a organización da seguridade da información adaptada ás necesidades e particularidade deste concello, proponse unha designación de roles por bloques de responsabilidade: Goberno, Supervisión e Operación.

De acordo con esta estrutura, asígnanse as seguintes responsabilidades e funcións de seguridade:

Bloque de Goberno:

• Responsable de Goberno, cuxas funcións exercita a Alcaldía-Presidencia do concello, que integra os seguintes roles e funcións ENS:

- Comité de seguridade da información.
- Responsable da información.
- Responsable do servizo.

A Alcaldía-Presidencia pode delegar estes roles e/ou funcións nun concelleiro ou concelleiros.

Bloque Executivo e de Supervisión:

• Responsable de Supervisión, cuxas funcións exercita a Secretaría do Concello, e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable da Seguridade.

• Delegado Protección de Datos (DPD), cuxas funcións exercitará a persoa física ou xurídica contratista do servizo de Protección de Datos, apoiando á persoa Responsable de Supervisión, con funcións de asesoramento e supervisión en materia de protección de datos.

Bloque de Operación:

• Responsable de Operación, cuxas competencias exercita a persoa coas funcións de e-Responsable do Concello de Lousame e que integra o seguinte rol ENS:

- Responsable do Sistema.

6.1 RESPONSABILIDADES ASOCIADAS AO ESQUEMA NACIONAL DE SEGURIDADE

A continuación, detállanse e establécense as funcións e responsabilidades de cada un dos roles de seguridade ENS:

Funcións do Responsable da Información e dos Servizos

- Establecer e aprobar os requisitos de seguridade aplicables ao servizo e a información dentro do marco establecido no anexo I do Real Decreto do Esquema Nacional de Seguridade.
- Aceptar os niveis de risco residual que afecten ao Servizo e á Información.

Funcións do Responsable de Seguridade

- Manter e verificar o nivel adecuado de seguridade da Información manexada e dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
- Promover a formación e concienciación en materia de seguridade da información.
- Designar responsables da execución da análise de riscos, da declaración de aplicabilidade, identificar medidas de seguridade, determinar configuracións necesarias, elaborar documentación do sistema.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

• Proporcionar asesoramento para a determinación da categoría do sistema, en colaboración co Responsable do Sistema.

• Participar na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e chegado o caso nos plans de continuidade, procedendo á súa validación.

• Xestionar as revisións externas ou internas do sistema.

• Xestionar os procesos de certificación.

• Elevar á Dirección a aprobación de cambios e outros requisitos do sistema.

Funcións do Responsable do Sistema

• Paralizar ou dar suspensión ao acceso a información ou prestación de servizo se ten o coñecemento de que estes presentan deficiencias graves de seguridade.

• Desenvolver, operar e manter o sistema de información durante todo o seu ciclo de vida.

• Elaborar os procedementos operativos necesarios.

• Definir a topoloxía e a xestión do Sistema de Información establecendo os criterios de uso e os servizos dispoñibles no mesmo.

• Asegurarse de que as medidas específicas de seguridade se integren adecuadamente dentro do marco xeral de seguridade.

• Prestar ao Responsable de Seguridade da Información asesoramento para a determinación da Categoría do Sistema.

• Colaborar, se así se lle require, na elaboración e implantación dos plans de mellora da seguridade e, chegado o caso, nos plans de continuidade.

• Levar a cabo as funcións do administrador da seguridade do sistema:

• A xestión, configuración e actualización, no seu caso, do hardware e software nos que se basean os mecanismos e servizos de seguridade.

• A xestión das autorizacións concedidas aos usuarios do sistema, en particular os privilexios concedidos, incluíndo a monitorización da actividade desenvolvida no sistema e a súa correspondencia co autorizado.

• Aprobar os cambios na configuración vixente do Sistema de Información.

• Asegurar que os controis de seguridade establecidos son cumpridos estritamente.

• Asegurar que son aplicados os procedementos aprobados para manexar o Sistema de Información.

• Supervisar as instalacións de hardware e software, as súas modificacións e melloras para asegurar que a seguridade non está comprometida e que en todo momento se axustan ás autorizacións pertinentes.

• Monitorizar o estado de seguridade proporcionado polas ferramentas de xestión de eventos de seguridade e mecanismos de auditoría técnica.

6.2 FUNCIÓNS DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN

As funcións propias dun Comité de Seguridade da Información son as seguintes:

• Atender as solicitudes, en materia de Seguridade da Información, da Administración e dos diferentes roles de seguridade e/ou áreas informando regularmente do estado da Seguridade da Información.

• Asesorar en materia de Seguridade da Información.

• Resolver os conflitos de responsabilidade que poidan aparecer entre as diferentes unidades administrativas.

• Promover a mellora continua do sistema de xestión da Seguridade da Información. Para isto encargarase de:

É precisamente esa vinculación á Administración do Estado e non ás CCAA o que supón unha garantía adicional de independencia e obxectividade que non pode estar supeditada a 17 modelos distintos. A Administración Central debe reservarse as competencias de planificación, selección, provisión e formación que dean coherencia ás funcións que desempeñan os FALHN con imparcialidade en todo o territorio nacional garantindo por tanto, a existencia de verdadeiros controis independentes nas Administracións Locais.

A dependencia da Administración do Estado foi sempre a regra, salvo no período comprendido entre o ano 2007 e 2013, mediante a que se fixo unha cesión ás CCAA en termos similares, converténdose nun fracaso operativo e xerando importantes desigualdades en canto ás esixencias de acceso. #Ante ese desacerto, a Administración do Estado, recuperou as competencias en materia de selección e formación no ano 2013.

Por todos estes motivos e polo prexudicial que pode chegar a ser esta inacción para os profesionais sanitarios e a poboación, presentamos as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**

Instar ao Goberno de España a:

1. Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos de estabilización, de funcionarios de administración local de habilitación nacional nos seus diferentes subescalas que están pendentes de resolución.

2. Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos das Ofertas de Emprego Públicos, adicional de 2022 e ordinaria de 2023 de funcionarios de administración local de habilitación nacional nos seus diferentes subescalas que están pendente de convocatoria.

3. Ampliar o número de prazas en sucesivas convocatorias que permita cubrir o 100% das prazas vacantes do conxunto da administración local española.

4. Manter as competencias sobre o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local de Habilitación Nacional correspondentes á Administración Xeral do Estado e garantir que non se ceda competencia algunha ás Comunidades Autónomas.

5. Dar traslado destes á Federación Española de Municipios e Provincias.

6. Dar traslado destes acordos a Presidencia de Goberno, ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, e á súa vez á Secretaría de Estado de Función Pública.

O voceiro do Grupo Mixto solicita facer unha emenda á moción, consistente en sacar o punto catro.

A Alcaldesa di que o seu grupo político non comparte esa emenda. Xa que sabemos por experiencia que a transferencia desas competencias non foi boa. E logo, hai moitísimos problemas para a cobertura dos postos vacantes, como acontece na Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, por poner un exemplo cercano. Os Concellos non poden funcionar sen esta figura. Todos os expedientes pasan pola man dun Secretario e Interventor. Os habilitados deben seguir sendo estatais para manter a igualdade en todas as Comunidades Autónomas.

D. Juan José Prego Ces sinala que non están a favor dese punto catro. Pero de todos modos non van votar a favor desta moción, porque non todas as Comunidades Autónomas teñen as mesmas necesidades, hai problemáticas onde o funcionariado ten que estar acorde coa Comunidade Autónoma, Considera que as

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Comunidades Autónomas teñen algo que dicir neste tema e que o funcionariado ten que estar vinculado ás Comunidades Autónomas.

A Alcaldesa quere someter o asunto a votación.

O voceiro do Grupo Mixto quere facer uso da súa quenda de palabra. El simplemente presentou unha emenda de eliminación. Están de acordo en todos os puntos, excepto o punto número 4. Sorpréndelle que o Partido Popular neste punto estea recollendo o discurso da ultradereita. Están indo da man e queren volver a nacionalizar todo en unha, grande e libre. Como queren coller o voto de Vox están tentando nacionalizar todo no Goberno Central. Considera que a moción si é necesaria pero non entende porque hai que manter ese punto número 4 e impedir que se cedan máis competencias ás Comunidades Autónomas. Desde que Feijóo foi Presidente, e agora Rueda, cero competencias trasladas ao país.

Tamén quere engadir que a pesar de estar de acordo con moitos puntos da moción moitas destas cousas se podían ter evitado se non fora pola Lei Montoro, do Partido Popular, que motivou a falla de persoal traballador nas Administracións Públicas.

A Alcaldesa, en relación a toda esta exposición quere ser super breve. Di que Lousame non é un Estado, senón un Concello que sofre a falla de habilitados nacionais, tanto na xestión de fondos europeos, que se poden perder, como nun ámbito no que estamos reunidos todos os Concellos, como é a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Por iso esta moción tráese a Pleno, porque afecta ao ámbito municipal, e non ve a ninguén de Vox no Salón de Plenos. Se ao voceiro do Grupo Mixto lle gusta Vox e o quere nomear, publicidade de balde. Manifesta a intención de someter o asunto a votación.

O voceiro do Grupo Mixto di que quere volver a intervir. A Alcaldesa está continuamente saltándose o ROM e o ROF e non respecta as quendas de intervención.

A Alcaldesa dille que interveña e que non falte ao respecto.

O voceiro do Grupo Mixto comenta que todos estes problemas poderían terse evitado cando foi o momento de aprobación da Santa Constitución, que por certo, a dereita estaba en contra dela e agora parece que son os máximos valedores da mesma. Esa Constitución recolle o café para todos. As nacionalidades históricas, Euskal Herria, Cataluña e Galiza, accederon pola vía rápida para ter un autogoberno e autonomía diferentes. Pero ao final acabouse sumando todo o mundo. Ese foi o motivo polos que temos estes lodos. Non entende porque a Alcaldesa di que el non sabe os problemas que acontecen cos habilitados. Porque leva moitos anos sentados neste Salón de Plenos e dende os 15 anos participando na vida municipal. Pídelle á Alcaldesa que bote contas.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e catro (4) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

"Vista a moción presentada polo GPM do PP relativa a garantir ás Administracións locais a provisión de funcionarios de Administración Local con habilitación nacional dependentes da Administración do Estado, o Pleno Corporativo ACORDA:

Único: Instar ao Goberno de España a:

1. Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos de estabilización, de funcionarios de administración local de habilitación nacional nos seus diferentes subescalas que están pendentes de resolución.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. Impulsar as medidas necesarias para acelerar os procesos selectivos das Ofertas de Emprego Públicos, adicional de 2022 e ordinaria de 2023 de funcionarios de administración local de habilitación nacional nos seus diferentes subescalas que están pendente de convocatoria.

3. Ampliar o número de prazas en sucesivas convocatorias que permita cubrir o 100% das prazas vacantes do conxunto da administración local española.

4. Manter as competencias sobre o réxime xurídico dos Funcionarios de Administración Local de Habilitación Nacional correspondentes á Administración Xeral do Estado e garantir que non se ceda competencia algunha ás Comunidades Autónomas.

5. Dar traslado destes á Federación Española de Municipios e Provincias.

6. Dar traslado destes acordos a Presidencia de Goberno, ao Ministerio para a Transformación Dixital e da Función Pública, e á súa vez á Secretaría de Estado de Función Pública"

6) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 167/2024 A 329/2024

A Alcaldesa da conta das Resolucións da Alcaldía da núm. 167 a 329 do 2024, postas a disposición dos concelleiros/as a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación queda enterada.

7) DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA: DA 167/2024 A 329/2024

A Alcaldesa da conta dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, mediante a remisión das seguintes actas a través do Portal de Cargos Electos:

1) Acta XGL do 21.03.2024
2) Acta XGL do 18.04.2024
3) Acta XGL do 14.05.2024

A Corporación queda enterada.

8) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

A Alcaldesa da conta dos Informes da Intervención relativos á estabilidade orzamentaria emitidos nos seguintes expedientes, postos a disposición dos concelleiros a través do Portal de Cargos Electos:

- MC 9/2024
- MC 10/2024
- MC 11/2024

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Corporación queda enterada.

9) DACIÓN DE CONTA DO PMP DO 1T 2024

A Alcaldesa da conta do Período Medio de Pagamento a Provedores do 1º trimestre do exercicio 2024 que ascende a 40,99 días.

A Corporación queda enterada.

10) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN EMITIDO AO ABEIRO DO ARTIGO 218 DO TRLRFL

A Alcaldesa da conta do Informe da Intervención núm. 65/2024 do 29/04/2024, no cumprimento do artigo 218 do TRLRFL, que foi remitido a todos os concelleiros a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación queda enterada.

11) DACIÓN DE CONTA DOS INFORMES DA INTERVENCIÓN RELATIVOS AO CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2023

A Alcaldesa da conta dos Informes da Intervención núm. 66/2024 e 67/2024 do 30/04/2024, relativos ao control interno no exercicio 2023, que foron remitidos a todos os concelleiros a través do Portal de Cargos Electos.

A Corporación queda enterada.

12) MOCIÓNS POR RAZÓN DE URXENCIA

12.1) APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12/2024

A Alcaldesa explica que quere introducir, por razón de urxencia, o seguinte asunto na Orde do Día: aprobación inicial da MC 12/2024. A urxencia está motivada porque nestes últimos días chegaron as comunicacións da concesión destas tres subvencións, e é preciso incrementar a achega municipal para poder executar os proxectos.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo: aprobar a urxencia do asunto e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

A proposta de acordo que se somete a consideración do Pleno Corporativo, é a seguinte, solicitándolle a Alcaldía á Secretaria-Interventora que proceda á lectura da mesma:

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos aos capítulos 2 e 6 de gastos; xa que as cantidades contempladas no orzamento 2024 non son suficientes e precisan ser incrementadas:

Proxecto de Gasto	Aplicación orzamentaria	Importe total	Créditos Iniciais 2024	Crédito a incrementar	Financiamento alleo	Achega municipal
Redacción dun estudo integral da rede viaria municipal (Agader, 100% da base impoñible)	450.22799	**12.100,00 €**	10.000,00 €	2.100,00 €	10.000,00 € (AGADER)	2.100,00 €
Vestiarios no campo de fútbol municipal	342.62200	**262.280,53 €** Xunta: 209.824,42 € IGVS: 43.997,78 € Concello: 8.458,33 €	219.988,91 : Xunta: 175.991,13 € IGVS: 43.997,78 €	8.458,33 €	209.824,42 € (Xunta)	43.997,78 € (IGVS) 8.458,33 € (fondos propios)
Mellora de Viario de Seoane a Aldeagrande	1532.61900	**35.391,60 €** Xunta: 24.774,12 € Concello: 10.617,48 €	35.391,60 € Xunta: 28.313,28 € Concello: 7.078,32 € (Dispoñibles unha vez concedida a subvención: 31.852,44 €)	3.539,16 €	24.774,12 € (Xunta)	10.617,48 €

Segundo: A día de hoxe nas bolsas de vinculación afectadas (4.2, 3.6 e 1.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
450.22799	2.100,00	2.100,00
1532.61900	3.539,16	3.539,16
342.62200	8.458,33	8.458,33
	14.097,49	14.097,49

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **12/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.12100	1.700,00
920.12101	6.661,00
920.12103	738,00
920.16000	4.998,49
	14.097,49

Terceiro: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **12/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
450.22799	2.100,00	2.100,00
1532.61900	3.539,16	3.539,16
342.62200	8.458,33	8.458,33
	14.097,49	14.097,49

Total transferencia positiva: 14.097,49 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.12100	1.700,00
920.12101	6.661,00
920.12103	738,00
920.16000	4.998,49
	14.097,49

Total transferencia negativa: 14.097,49 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

D. Juan José Prego Ces comenta que hai que tentar enviar a documentación en prazo. A Comisión Informativa xa foi convocada con pouco prazo, e agora inclúese este asunto por urxencia... Que él puido ver a documentación onte pola noite. Ás persoas que non se dedican a iso, élles moi dificultoso estudar os expedientes.

O voceiro do Grupo Mixto pregunta cando se ten previsto empezar con estas obras.

A Alcaldesa contesta que non se pode empezar até que toda a documentación estea presentada antes as diferentes Administracións.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP) e catro (4) abstencións (emitidas polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte acordo:

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para adopción do presente acordo, adóptao en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentos xurídicos

Primeiro: Existen unha serie de gastos, cuxa dotación orzamentaria é necesaria, referidos aos capítulos 2 e 6 de gastos; xa que as cantidades contempladas no orzamento 2024 non son suficientes e precisan ser incrementadas:

Proxecto de Gasto	Aplicación orzamentaria	Importe total	Créditos Iniciais 2024	Crédito a incrementar	Financiamento alleo	Achega municipal
Redacción dun estudo integral da rede viaria municipal (Agader, 100% da base impoñible)	450.22799	**12.100,00 €**	10.000,00 €	2.100,00 €	10.000,00 € (AGADER)	2.100,00 €
Vestiarios no campo de fútbol municipal	342.62200	**262.280,53 €** Xunta: 209.824,42 € IGVS: 43.997,78 € Concello: 8.458,33 €	219.988,91 : Xunta: 175.991,13 € IGVS: 43.997,78 €	8.458,33 €	209.824,42 € (Xunta)	43.997,78 € (IGVS) 8.458,33 € (fondos propios)
Mellora de Viario de Seoane a Aldeagrand	1532.61900	**35.391,60 €** Xunta: 24.774,12 €	35.391,60 € Xunta: 28.313,28 € Concello:	3.539,16 €	24.774,12 € (Xunta)	10.617,48 €

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

e		Concello: 10.617,48 €	7.078,32 € (Dispoñibles unha vez concedida a subvención: 31.852,44 €)			

Segundo: A día de hoxe nas bolsas de vinculación afectadas (4.2, 3.6 e 1.6) non hai crédito suficiente para a asunción dos anteriores gastos. Polo que é necesario dotar crédito nas aplicacións seguintes, e polos importes indicados:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
450.22799	2.100,00	2.100,00
1532.61900	3.539,16	3.539,16
342.62200	8.458,33	8.458,33
	14.097,49	14.097,49

Terceiro: Este expediente de modificación de créditos **12/2024**, finánciase coas baixas nas seguintes aplicacións, que se estiman reducibles sen perturbar o servizo:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.12100	1.700,00
920.12101	6.661,00
920.12103	738,00
920.16000	4.998,49
	14.097,49

Terceiro: Dado que cabe efectuar transferencias de créditos entre aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas pertencentes a diferentes área de gasto, segundo se explica na Memoria que consta no expediente administrativo.

Considerando o disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 40.3 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I, do Título VI, do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en materia de Orzamentos, o **Pleno Corporativo do Concello de Lousame**, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. **12/2024**, coa modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de diferente área de gasto, de acordo ao seguinte detalle:

Altas en aplicacións de Gastos:

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CRÉDITO XERADO/ €	TOTAL DISPOÑIBLE/ €
450.22799	2.100,00	2.100,00
1532.61900	3.539,16	3.539,16
342.62200	8.458,33	8.458,33
	14.097,49	14.097,49

Total transferencia positiva: 14.097,49 €

Baixas en aplicacións de Gastos:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	EUROS
920.12100	1.700,00
920.12101	6.661,00
920.12103	738,00
920.16000	4.998,49
	14.097,49

Total transferencia negativa: 14.097,49 €

Segundo.- Expoñer o expediente ao público, previo anuncio no BOP, durante 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar as súas reclamación ante o Pleno Corporativo.

Terceiro.- Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente este acordo.

Cuarto.- No caso de que na execución dos proxectos de gasto existan economías, autorízase a realizar unha TC/; necesaria para o axuste final dos mesmos.

Quinto.- Contra a súa aprobación, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

12.2) MOCIÓN DO PSDG-PSOE SOBRE CREACIÓN DUN PLAN DE MELLORA DE ACCESOS A NÚCLEOS

A Alcaldesa solicítalle ao voceiro do PSdg-PSOE que explique brevemente a urxencia da moción, para poder someter a votación a dita urxencia e a inclusión do punto na Orde do Día do Pleno.
A Alcaldesa anuncia que o seu grupo político municipal non vai votar a favor da urxencia, xa que como explicou en varias ocasións, ese plan existe dende o ano 2013. Hai un plan para carreteras principais, para os núcleos, para depuración das augas, para instalacións deportivas e moitas cousas máis. Ese plan vaise acometendo segundo a financiación externa e propia que vai acadando o Concello. Non é que digamos que non haxa que ter un Plan. É que o Concello de Lousame xa ten ese Plan.

O voceiro do Grupo Mixto quere intervir.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa di que hai que votar a urxencia.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que a Alcaldesa tamén interviu para explicar por que ía votar en contra da moción. Pois el tamén quere intervir para explicar a súa postura. O voceiro do Grupo Mixto recrimina á Alcaldesa que moitas veces pide que as mocións queden enriba da mesa, o que se tratarán para chegar a un acordo e traer ao vindeiro Pleno... Pero logo iso nunca se fai. A Alcaldesa nunca inclúe na Orde do Día ningunha moción de ningún partido político que non sexa o seu. El ten a deferencia de votar sempre a favor das urxencias da Alcaldesa. Así o fixo o outro día no seo da Comisión Informativa. Cre que as mocións que traen todos os grupos políticos teñen que ser debatidas no seo do pleno. Se vostede non está de acordo, explica o motivo de porque non o está e vota en contra. Pero polo menos, deberían deixar que os asuntos se debatesen no seo do Pleno. Xa bastante traballo lle custa á oposición o estar nos seus traballos e na súa vida, xa que non teñen unha dedicación á vida pública. Dille á Alcaldesa que son o goberno máis caro da historia de Lousame, e o máis vago, por certo.

A Alcaldesa contéstalle que non vai entrar en insultos persoais, a pesares dos insultos que o voceiro do Grupo Mixto fai cada día. A ela non lle gusta o lodo. Hai outra xente á que lle encanta o lodo e regodearse nel. Ela non o vai facer. Pero non quere confundir á opinión pública. Eles presentaron por urxencia un tema que non é unha moción. É un asunto, necesario para saír adiante o traballo do Concello...

O voceiro do Grupo Mixto dille á Alcaldesa que está faltando á verdade.

A concelleira do GPM do PP, dona Silvia Agrafojo Filgueira pregúntalle ao Sr. Moledo Carreño porque os está insultando, por que os está a chamar vagos. Pídelle que xustifique as súas verbas.

O voceiro do Grupo Mixto dille que non se preocupe, que xa o explicará.

A concelleira do GPM do PP recrimínalle que solte barbaridades no Pleno e queda tan pancho.

A Alcaldesa entende o enfado da concelleira Dona Silvia Agrafojo Filgueira.

O voceiro do Grupo Mixto quere volver a intervir, pero a Alcaldesa suspende a sesión, sendo as 21:19 horas para lograr a calma no Salón de Plenos e poder continuar. Sendo as 21:20 horas, reanúdase de novo a sesión plenaria.

Reanudada a sesión plenaria, a Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a urxencia da moción e non pasa a ser incluída na Orde do Día do Pleno.

12.3) MOCIÓN DO BNG SOBRE O PROXECTO CONSTRUTIVO DUNHA PASTA CELULOSA (ALTRI) EN PALAS DE REI

A Alcaldesa solicítalle ao voceiro do Grupo Mixto que explique brevemente a urxencia da moción, para poder someter a votación a dita urxencia e a inclusión do punto na Orde do Día do Pleno.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto considera que o asunto é urxente porque o noso Concello está afectado, por haber xente de Lousame que traballa no mar na Ría de Arousa. Considera que esta moción merece ser debatida e tratada.

A Alcaldesa recorda que na anterior Corporación chegaran a un acordo de non traer ao Salón de Plenos asuntos que non sexan directamente relacionados co noso Concello. E hai moitos outros asuntos que son de Lousame.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE di que non viu a moción , pero vai apoiar a urxencia da mesma.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por catro (4) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PSdG-PSOE e Grupo Mixto) e seis (6) votos en contra (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP), sendo once (11) o seu número legal de membros, rexeita a urxencia da moción e non pasa a ser incluída na Orde do Día do Pleno.

12.4) MOCIÓN DO BNG POLA IGUALDADE DO TRANSPORTE NO BACHERELATO

A Alcaldesa solicítalle ao voceiro do Grupo Mixto que explique brevemente a urxencia da moción, para poder someter a votación a dita urxencia e a inclusión do punto na Orde do Día do Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto considera que nestes intres hai un transporte de Bacherelato que fai unha parte do Concello e outra parte non. Cremos que agora que está a finalizar o curso escolar esta moción é interesante debater para organizar de cara ao vindeiro curso.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, aproba a urxencia da moción a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

A Alcaldesa pídelle ao voceiro do Grupo Mixto que proceda á lectura da moción, que é o do seguinte teor literal:

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MOCIÓN POLA IGUALDADE DE TRANSPORTE NO BACHARELATO

Don Anxo Moledo Carreño, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Lousame, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte **PROPOSICIÓN.**

Exposición de motivos:

1. A situación do transporte escolar no Concello de Lousame é deficiente dende hai varios anos, xa que non atende á realidade xeográfica da zona. Partimos da premisa de que o transporte escolar non é obrigatorio no bacharelato, pero no noso Concello si existe un servizo de autobús para o bacharelato subvencionado pola Xunta de Galiza que non se adecúa ás nosa situación, deixando sen transporte a varios lugares do Concello, o que é discriminatorio para as familias e o alumnado afectado.
2. Tanto as familias afectadas neste curso escolar coma outras de anos anteriores levan tempo intentando que se busque unha solución ao problema, presentando escritos ante as distintas administracións publicas sen que estas resolvan a problemática. Nalgúns casos, obtendo por resposta propostas inviables coma que o alumnado implicado se levante ás 6 da maña para acudir ao centro de estudos, estar máis de unha hora en ruta no transporte escolar ou agardar preto de unha hora ás portas do centro educativo antes do seu horario de apertura.
3. Pola zona afectada (Fuíme, Lesende e Vilacoba) pasan dúas liñas de autobús, pero os seus horarios de ruta non se adecúan nin a estudantes nin a traballadores. As liñas en cuestión son: XG630-01 XG630-02, XG630013. Nótese que este servizo só existe en período lectivo nalgún caso, e noutro a demanda o cal xustificaría que se priorizase o seu uso para alumnado antes ca uso xeral.
4. Unha modificación do horario de ditas liñas non tería unha repercusión negativa nin afectaría a un salientable grupo de supostos usuarios habituais, xa que as familias afectadas aseguran que actualmente ditos servizos de autobús teñen practicamente nula demanda.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do Concello de Lousame presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. Ter en consideración e coa antelación suficiente a relación de alumnado que estuda 4º da ESO para así poder planificar e adecuar a ruta do autobús que subvenciona a Xunta de Galiza ás súas necesidades.
2. Dar coñecemento destes datos aos portavoces dos grupos municipais.
3. Instar á Xunta de Galiza a que divida en dúas áreas o Concello e para poder dar servizo a todo o alumnado do municipio, sen ser o transporte un factor discriminatorio por cuestións xeográficas.
4. Instar á Xunta de Galiza a que adecúe os horarios das liñas existentes coa fin de adaptalos á realidade da súa demanda e favorecer un servizo óptimo aos estudantes e demais usuarios en xeral.

O voceiro do GPM do PSdG-PSOE, D. Juan José Prego Ces, quere sinalar que está de acordo coa moción presentada. Pero quere puntualizar que non só está afectado o Bacharelato. Temos un transporte moi malo. Xente que ao mellor colle o autobús para baixar ao médico, pero logo ten que coller un taxi para volver á súa casa. No Concello, nas aldeas hai moita xente maior que non pode conducir, e que depende sempre dos fillos... Pero eses fillos poden estar traballando, e entón dependen sempre dun taxi cos custo que iso implica.

A Alcaldesa explica que os alumnos varían cada ano, porque son dous cursos o Bacharelato. A ela ninguén lle pasa o listado de alumnos que se van, non sabe até setembro aqueles que repiten ou non repiten... Ela, en setembro, contrareloxo, e estando en comunicación directa con quen lle pode facilitar eses datos, se ocupa de conseguir eses datos para poder traballar. Os pais non se dan conta, pero o Concello non ten o seu poder a información de que nenos seguen ou cambian de centro. A maioría de Concellos non teñen o transporte que hai en Lousame. Para conseguir ter este transporte hai unha xestión municipal importantísima, que coñecen os transportistas, a Xunta e os pais. Por que hai só unha ruta? Nese autobús van sobre 15 persoas. Recorda que unha vez matouse por conseguir que o transporte chegara a unha aldea deste Concello e chamoulle o transportista, alá polo mes de decembro, que por favor fose detrás do autobús cando quixera para comprobar os alumnos que subían nesa parada. Había apuntados 6 nenos. Fixo esa comprobación indo detrás do autobús e nesa parada non subiu ninguén. Fixo a comprobación toda a semana. E só houbo un día, no que subiu un neno. Os servizos se se piden, hai que utilizalos. Ela agora non ten aquí os horarios, pero non recorda que ninguén se levantase ás 6 da mañá. Había unha variación entre os que van para primaria e para o instituto de 30 minutos. Que hai que empezar nun sitio e acabar noutro? Por suposto. Que o Concello ten a extensión que ten? Por suposto. Se facemos os recorridos coa hora que queda cada zona, debería haber 6 autobuses. E iso é imposible.

En relación ao transporte a demanda. Ten pedida unha entrevista e pode comprobalo con algún funcionario do Concello. Non con ela, porque según o Sr. Moledo, ela falta á verdade. Espero que algún día pida desculpas por isto... E non quere entrar no fango. Porque ten moitísimos datos para demostrar quen é cada

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

quen, referíndose ao Sr. Moledo Carreño. Pero non o vai facer, pídelle que non se poña nervioso. Non é o seu estilo. Ten pedida unha entrevista, porque considera que a información que as empresas de transporte lle dan aos veciños para usar ese transporte a demanda non é suficiente. Quere reunirse coa persoa que leva este tema, quere analizar caso por caso todas as liñas a demandas, e despois que obteña a información, lle dirá a cada veciño a información. Tamén lle quere recordar que poden usar o transporte escolar, que é compartido, e moitas veces se lles esquence. O transporte escolar en Lousame é compartido. Foi o primeiro transporte compartido na provincia da Coruña.

Todas estas xestións se fixeron por parte do grupo municipal. E seguiremos traballando nesta liña.

O voceiro do Grupo Mixto considera que a planificación do vindeiro curso pode facerse agora. Porque unha planificación non é unha cousa exacta. É planificar unha posible ruta que vai facer ese autobús. É verdade que non todos os Concellos teñen o transporte no Bacharelato, pero o que si teñen é axudas para ese transporte. En relación ao transporte a demanda, recorda que no debate electoral, cando sacou esta cuestión a Alcaldesa de Lousame dixo que o Concello de Lousame xa facía transporte a demanda. Pero o transporte a demanda que temos agora no Concello é un transporte que non funciona. E en relación aos transporte compartido, quen vai coller un autobús a esas horas? A esas horas unha persoa maior non vai saír da súa casa. A Alcaldesa di que é mentira que haxa alumnos que non se teñan que levantar ás 6 da mañá, pois el ten datos dun escrito da vicedirectora, con DNI....

A Alcaldesa interrompe ao Sr. Moledo Carreño para dicirlle que non quere que se dea ningún tipo de dato en relación a persoas que non están no Salón de Plenos. Porque hai unha lexislación aplicable.

O voceiro do Grupo Mixto da lectura dun escrito onde se indica que se falou cun grupo de pais de alumnos do IES Campo de San Alberto, residentes en Lousame, que lle trasladaron que a liña de autobús, pasa por Lousame ás 7:15 da mañá, tendo máis dunha hora de percorrido, e que provoca que os rapaces teñan que levantarse ás 6 da mañá. Isto non é unha mentira do Sr. Moledo Carreño. Isto o di os pais e o di o Centro Educativo.

A Alcaldesa di que en Lousame existían becas de transporte; até que se optou por ter transporte doutro tipo e saíron tarxetas que outorgan o transporte de balde para o alumnado. Nese momento había dúas financiacións que repercutían no mesmo, por iso se eliminaron as becas municipais. Se hai que volver a poñelas, farase. A Alcaldesa insiste en que é imposible estudar as liñas para o vindeiro curso.

O Sr. Moledo Carreño insiste en que si é posible. Se colle o alumnado de 4º da ESO e do Bacharelato que hai actualmente, pode facerse unha previsión do que será o vindeiro curso, e montar unha ou dúas rutas. Cando se coñezan os alumnos definitivos aí fará as liñas definitivas.

A Alcaldesa insiste en que como está cansada de facer este traballo todos os anos, sabe con certeza, que en Lousame non é posible facer unha planificación que sexa efectiva, porque até que se saiba o alumnado definitiva é imposible realizar este traballo. E ano tras ano, adáptase a ruta en función dos nenos matriculados. Ela falou con todas as familias, unha por unha.

O Sr. Moledo Carreño di que hai familias que non están contentas con esa xestión.

A Alcaldesa responde que hai dous casos, que non estiveron de acordo. Eles fan a súas peticións. E ela fai a xestión con Transporte. Pero Transporte non se acomoda a ese horario solicitado. Porque non hai autobuses para atender o transporte escolar obrigatorio. Foi miles de veces a Santiago a tratar este tema.

O voceiro do Grupo Mixto anuncia que van levar esta cuestión ao Parlamento Galego.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa contesta que lle parece moi ben. A Alcaldesa non lle parece moi ben como están plantexadas as cousas, pero tamén coñece a demagoxia que se vai facer con esta moción, e anuncia que o seu grupo político municipal, vai votar a favor da moción.

Finalizada a quenda de intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros ACORDA:

1.- Ter en consideración e coa antelación suficiente a relación de alumnado que estuda 4º da ESO para así poder planificar e adecuar a ruta do autobús que subvenciona a Xunta de Galiza ás súas necesidades.

2.- Dar coñecemento destes datos aos portavoces dos grupos municipais.

3.- Instar á Xunta de Galiza a que divida en dúas áreas o Concello e para poder dar servizo a todo o alumnado do municipio, sen ser o transporte un factor discriminatorio por cuestións xeográficas.

4.- Instar á Xunta de Galiza a que adecúe os horarios das liñas existentes coa fin de adaptalos á realidade da súa demanda e favorecer un servizo óptimo aos estudantes e demais usuarios en xeral.

A Alcaldesa di que non vai entrar neste xogo.

O Sr. Moledo Carreño di que a ver se se cumpre a moción e da eses datos aos portavoces da oposición.

A Alcaldesa di que sempre o fan.

O Sr. Moledo Carreño di que a el nunca lle deron ese dato e leva 5 ou 6 anos de concelleiro. A moción di que hai que dar coñecemento destes datos aos portavoces dos grupos municipais. Pídelle que cando teña estes datos que llos pase.

A Alcaldesa insiste que non vai dar o nome de ninguén.

O Sr. Moledo Carreño di que non quere nomes concretos só os datos, que el non fala de ninguén....

A Alcaldesa recórdalle que acaba de soltar o nome dunha profesora....

O Sr. Moledo Carreño contesta que non deu ningún DNI, só dixo Vicedirectora... E dixo con DNI tal.

A Alcaldesa di que rematou o debate, que o asunto foi debatido e votado. Procede a retirarlle a palabra ao voceiro do Grupo Mixto. Cando ela remate os trámites dos alumnos, diralle os alumnos que hai, para que el poida facer a súa xestión política.

12.5) DECLARACIÓN CONXUNTA PARA REINVIDICAR A DIEGO ANTONIO CERNADAS DE CASTRO “O CURA DE FRUIME” COMO HOMENAXEADO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

A Alcaldesa solicítalle ao voceiro do Grupo Mixto que explique brevemente a urxencia da moción, para poder someter a votación a dita urxencia e a inclusión do punto na Orde do Día do Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto considera que é necesario empezar a traballar en lograr que o Cura de Fruime, sexa homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa exclama: Benvido!

A Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, aproba a urxencia da moción a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

A Alcaldesa dixo "Benvido" porque ela mesma, e as diferentes Corporacións Municipais, levan intentando ao longo de todos os anos que se consiga isto. Todos os anos están reinvindicando esa figura; facendo actividades cada ano en torno a esa figura. Biógrafos desa figura viñeron a Fruime o día das Letras Galegas...

O voceiro do Grupo Mixto di que a súa moción fala diso. Pregunta se pode lela.

A Alcaldesa pídelle ao voceiro do Grupo Mixto que proceda á lectura da moción, que é o do seguinte teor literal:

MOCIÓN PARA REIVINDICAR A DIEGO ANTONIO CERNADAS DE CASTRO "O CURA DE FRUÍME" COMO HOMENAXEADO POLO DÍA DAS LETRAS GALEGAS 2026

Don Anxo Moledo Carreño, portavoz do grupo municipal do BNG no Concello de Lousame, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e, se procede, aprobación a seguinte **PROPOSICIÓN.**

Exposición de motivos:

1. Diego Antonio Cernadas de Castro, alias "O Cura de Fruíme", non resultou aínda persoeiro homenaxeado pola Real Academia Galega, sendo un dos grandes esquecidos.

2. Cernadas de Castro é un dos persoeiros notables na Galiza do século XVIII pola súa labor respecto da defensa da nosa lingua e tamén das galegas e galegos nunha época en que comezaba a emigración e tamén certo desprestixio da nosa imaxe como pobo (nótese que ata o ano 2013 a palabra "*gallego*" constaba no dicionario da Real Academia Española como "*tonto, falto de entendimiento o razón*"). Loitou firmemente por cambiar os desprezos ao noso idioma e cultura, consagrándose como escritor de obras en prosa e verso coas que ensinaba a ler á veciñanza e tamén expoñía inxustizas sociais.

3. O xornalista galego José Manuel Rivas Troitiño considérao non só precursor do Galeguismo, senón o primeiro xornalista galego do século XVIII. Así mesmo, outras figuras salientables na nosa cultura tamén destacaron a súa traxectoria: o propio Alfonso Daniel Rodríguez Castelao incluíno entre os "grandes fillos de Galicia" e Otero Pedrayo chamábao "o noso bardo nacional".

4. Dende o Concello de Lousame xa se manifestou previamente interese en que a súa figura fose homenaxeada con motivo do seu aniversario polo terceiro centenario.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do Concello de Lousame presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

1. O Concello de Lousame elaborará un informe xunto cunha persoa de prestixio para propoñer candidato a Diego Antonio Cernadas de Castro ás Letras Galegas do ano 2026.

2. Dito informe terá que estar elaborado en setembro do 2024, con coñecemento do documento por toda a corporación municipal (entregarase copia aos seus membros).

3. A alcaldía solicitara unha reunión coa presidencia da Real Academia Galega, a cal se é atendida iran os portavces dos grupos municipais.
4. Buscarase os apoios, a candidatura de Cernadas de Castro entre todos os academicos.

A Alcaldesa comeza a súa exposición dicindo que lle da a sensación de estar lendo o seu discurso en Fruíme cando veu Rivas Troitiño a falar da Biografía. Alédalle que lle gustase ao Sr. Moledo Carreño.

O voceiro do Grupo Mixto di que non escoitou a intervención da Alcaldesa porque non foi invitado a ese acto.

A Alcaldesa dille que esta convidado sempre a todas as actividades do Concello.

O voceiro do Grupo Mixto di que nunca se lle convida a nada.

A Alcaldesa respóndelle que non se preocupe, que lle vai chegar unha invitación específica para que poida ir.

O voceiro do Grupo Mixto dixo que a el nunca lle chega ningunha invitación e tamén contactou co grupo socialista a ver se a eles lle chegaban e só lle pasaba iso a el... pero tampouco lle chegan invitacións a eles.

A Alcaldesa responde que xa chegarán.

O voceiro do Grupo Mixto replica que a ver se é verdade.

A Alcaldesa contesta que a ver se é verdade que vai. A Alcaldesa continúa dicindo que van apoiar a moción, porque precisamente iso é o que están facendo. Pero como son moi vagos non sabe se lle dará tempo a ter ese traballo listo en setembro.... Vai mirar a ver se son capaces. Tamén invita ao Sr. Moledo Carreño a preguntar aos traballadores e técnicos de Cultura si isto que estou dicindo é certo ou non; se cada ano ou non insisto en homenaxes, implico á poboación, que ás veces non é doado... Esa labor de reinvidicación da figura se fai ano tras ano. E a Alcaldesa tamén foi á Real Academia Galega por este asunto, e volverá a ir. Ao mellor se este señor non fose sacerdote, igual xa estaba recoñecido... Tamén cre que a Real Academia Galega está agora noutra idea que é o recoñecemento de xente máis nova, porque tamén é unha demanda da cidadanía, que se recoñeza aos que están vivos, os que son novos, os que están na memoria recente de todos... Ela non entende como se pode discriminar a figura de Cernadas de Castro. Nin o entende nin o comparte.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do PSdG-PSOE, D. Juan José Prego Ces, di que está de acordo coa moción. Pero os que peinan canas e estudaron en Lousame, no colexio público, poden dicir que se tratou sempre por todos os medios de reivindicar a figura de Cernadas de Castro. Todas as Corporacións, con todos os partidos políticos sempre se tratou de reivindicar esta figura. Non entende por que non se lle da aprecio a Cernadas de Castro.

O voceiro do Grupo Mixto di que o que pretende a moción é que toda a Corporación se implique para conseguir o apoio da Real Academia Galega recoñeza a figura de Cernadas de Castro. Xa sabe que hai unha homenaxe todos os anos en Fruime. Pero esta moción vai más alá. Quere que entre toda a Corporación se consigan os apoios de todos os académicos. El persoalmente, xa empezou a facelo. Cre que esta figura debe ser reinvindicada non só en Lousame, senón a nivel autonómico, por todos os prexuízos que levamos soportando os galegos no Estado Español dende o século XVIII. Hai expresións que saen todos os días nos medios, como *"no me seas gallego"*, etc. Temos que reivindicar o noso idioma, a figura de Cernadas de Castro, e deixar atrás os tópicos dos galegos no Estado Español.

A Alcaldesa di que ela tamén xa o fixo.

D. Ramón Martínez Rial di que se podía facer unha declaración conxunta.

A Alcaldesa comenta que non o solicitou o voceiro do Grupo Mixto.

O voceiro do Grupo Mixto di que ninguén llo pediu.

A Alcaldesa contesta que se están todos de acordo sería el quen tería que ofrecer facer unha declaración institucional. Ela cando ofrece unha declaración conxunta é porque presenta unha moción que considera que sería de interese a súa aprobación para todos os grupos políticos. Pero o Sr. Moledo Carreño nin tan sequera.

D. Juan José Prego Ces toma a palabra para dicir que a moción vai ter o apoio do grupo socialista porque isto é algo que se leva reivindicando dende sempre por todos.

A Alcaldesa pregúntalle ao voceiro do Grupo Mixto se a moción é tratada como unha declaración conxunta.

O voceiro do Grupo Mixto manifesta a súa conformidade.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros ACORDA:

1.- O Concello de Lousame elaborará un informe xunto cunha persoa de prestixio para propoñer candidato a Diego Antonio Cernadas de Castro ás Letras Galegas do ano 2026.

2.- Dito informe terá que estar elaborado en setembro do 2024, con coñecemento do documento por toda a corporación municipal (entregarase copia aos seus membros)

3.- A Alcaldía solicitará unha reunión coa presidencia da Real Academia Galega, a cal se é atendida irán os portavoces dos grupos municipais.

4.- Buscaranse os apoios, á candidatura de Cernadas de Castro, entre todos os académicos.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

13) ROGOS E PREGUNTAS

O voceiro do PSdG-PSOE, D. Juan José Prego Ces, formula os seguintes rogos e preguntas:

1) A moción que quixeron presentar no punto anterior, por urxencia, trouxérona deste xeito porque previamente xa a presentaron por rexistro de entrada. Pero as que se meten por rexistro non veñen na Orde do Día nunca, e por iso a presentaron por urxencia.

A Alcaldesa di que non recorda que o PSOE presentara ningunha outra moción aparte desta, nesta lexislatura.

O voceiro do PSdG-PSOE cre que xa presentaran outra por rexistro, que non foi incluída na Orde do Día. E logo presentouse por urxencia, aprobouse a urxencia, e tratouse a mesma. Era sobre a educación. E agora, en relación con esta moción, xa o comentou na Comisión Informativa, e díxoselle que se non ía na Orde do Día que a presentara por urxencia e por iso o fixo.

2) Quere preguntar por unha cuneta que desborda todos os anos. Foina a ver e considera que a auga é o peor cancro para as vías públicas. ¿Vaise tomar algunha medida?

3) Xa pasaron 9 meses desde que o seu grupo, no punto de rogos e preguntas, falou da falta de sinais viarias... Pois esas sinais seguen sen estar postas. Os indicadores das aldeas seguen estando en mal estado.

4) Quería preguntar sobre as subvencións a equipos de fútbol deste Concello. Son 1.500,00 €. Parécelle pouca cantidade. E non sabe se todas as agrupacións teñen a mesma subvención. Hai asociacións que necesitan menos cartos e perciben os mesmos que estas asociacións.

5) Gustaríalle saber como está o céspede de Cabanetán. Ese material ten unha data de caducidade. Se non está caducado pouco lle ha de faltar.

6) Pregunta onde está emprazada a Asociación Deportiva de Taekwondo.

7) Gustaríalle facer que se vai facer no vial de Seoane a Aldeagrande, obra cun orzamento de 33.000 €. Parécelle que son moi poucos cartos para o que hai que facer aí.

O voceiro do Grupo Mixto, D. Anxo Moledo Carreño, formula os seguintes rogos e preguntas:

1) Pregunta se van ser contestadas as preguntas formuladas no anterior Pleno.

2) No pleno dos Orzamentos sacou o tema do campo de fútbol de Cabanetán. No último pleno fixo unha pregunta á concelleira delegada especial de Deportes, Mariel Agrafojo Nieto, se tiña coñecemento sobre a demanda de cambiar ese céspede e sobre a existencia de lesións en xogadores, e dixo que non tiña coñecemento...

Dª Mariel Agrafojo Nieto di que ela non falou para nada de céspede.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Anxo Moledo Carreño di que está o vídeo para revisar.

Dª Mariel Agrafojo Nieto responde que revise o vídeo, que ela non falou para nada de céspede.

D. Anxo Moledo Carreño di que foi el que falou do céspede, e a concelleira dixo que non sabía nada da demanda de cambio e das lesións que houbera.

Dª Mariel Agrafojo Niego pregúntalle ao Sr. Moledo Carreño se ten informes médicos que avalen as ditas lesións.

D. Anxo Moledo Carreño di que hai varios informes. Que unha persoa da directiva está aquí e logo se quere, pode intervir. Continúa dicindo que, pola Xunta directiva, coñeceu que se vai cambiar a subvención que se tiña concedido para os vestiarios do campo de fútbol de Cruído. E que a Alcaldesa se comprometeu…

A Alcaldesa interrompe a intervención para sinalar que iso non é así. Non cre que ninguén da directiva do campo de Cabanetán minta. E todos eles estiveron no Concello nunha reunión coa Alcaldesa, e díxolle o que ía facera o día seguinte. E o fixo. E o que me falta é reunirme de novo con eles para contestarlles ao que pasou.

D. Anxo Moledo Carreño sinala que a Alcaldesa dixo que ía ter unha Xunta de Voceiros para falar deses cambios.

A Alcaldesa di que haberá a dita reunión. Pídelle que formule a pregunta ou rogo.

O Sr. Moledo Carreño quere saber se vai ser cambiada a subvención, se vai ser cambiado o préstamo que temos solicitado para o arranxo dos vestiarios do campo de fútbol de Cruído…

3) Como está o Inventario de Bens demaniais, patrimoniais, etcétera? A Alcaldesa dixo que se ía aprobar no seguinte Pleno da Corporación que saíra das últimas eleccións. Un ano despois ese Inventario de Bens non se trouxo ao Pleno. Queremos saber como está o Inventario.

Alcaldesa: O Inventario está feito. Pero somos incapaces administrativamente de sacar adiante todos os expedientes que temos sobre a mesa. Hoxe a Secretaría ía sacar adiante un expediente dunha expropiación. Pero resulta que onte chega, e dan dous días de prazo, un recurso do TACGAL, sobre unha licitación en marcha. A Secretaria ten que deixar todo o que está a facer para contestar este requirimento. Xa estivo onte pola tarde buscando documentación e estivo hoxe toda a mañán preparando a constetación e a documentación que hai que enviar ao TACGAL. Isto é un exemplo. Pero como isto pasa todos os días. O inventario está aí. Pero hai que facer toda a tramitación oportuna, os informes que sexan precisos, etcétera. Como este hai varios expedientes pendentes para saír. Non é que non se queira. E este é un expediente complexo. Os viais de concentración parcelaria son fáciles e os que están asfaltados. Pero logo hai outros que non son tan sinxelos. Hai que localizalos, hai que marcalos no mapa, etcétera. Ás persoas que máis lle interesa que este expediente estea listo é a quen ten que certificar que se fai en terreos de titularidade municipal e a esta Alcaldía. A Secretaria lle pregunta moitas veces.... Con que expediente me poño? E entón ela ten que decidir entre urxencias e emerxencias. Difícil decisión. Urxencias son todas, pero hai emerxencias que aparecen. Ela intenta cumprir sempre a súa palabra, sempre que lle sexa posible. Recorda cando tomou por primeira vez posesión como concelleira. Estaba de Secretario o Sr. Hilario. Dixo que no Concello había unha tarefa pendente que era o Inventario Municipal. Dille ao Sr. Moledo Carreño que mire canto tempo xa pasou. Ela empezou co inventario no 2022; e os traballos de campo levaron moito tempo. Agora a empresa xa me está dicindo que avisemos cando queiramos tramitar o expediente. Estamos neste punto.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4) Por que non se levou a cabo o rogo que fixo no Pleno anterior de ter unha Xunta de Voceiros para falar do tema da Mancomunidade? Hai cousas moi importantes na Mancomunidade que a Alcaldesa lle ten que contar ao resto da Corporación, porque a Alcaldesa está na Mancomunidade representando a toda a Corporación e a todos os veciños do Concello de Lousame.

5) A Alcaldesa tamén dixo que os Orzamentos do 2024 ían ser garantistas e realistas. Considera que non o son por varios motivos. A factura da Mancomunidade aumentou. Naquel Pleno xa lle dixo a Alcaldesa que non destinara nada ao pagamento da débeda. Pois agora quere saber que obra do POS vai sacar a Alcaldesa para asumir o pagamento da débeda coa Deputación. A Deputación no POS complementario vai detraerlle unha cantidade a propia Deputación. Explicoullo a Sra. Deputada nunha xuntanza que tivo con ela na Deputación Provincial. Así, quere saber que obra vai sacar do POS Complementario porque se agora hai que devolver parte da débeda á Deputación con cargo ao POS Complementario non vai poder facer todas as obras.

Alcaldesa: Cando se fan os presupostos fanse cos datos que hai neses momentos. A día de hoxe, aínda non temos notificación no Concello, de nada do que se acordou nesa Xunta da Mancomunidade á que vostede aludía. O Concello ten o que ten orzamentado. Pagará iso e o demáis xa veremos como o pagamos. E todo isto pasa por non haber un habilitado. A xente cre que a Mancomunidade é facilísima de xestionar pero manexa 5 millóns de euros. E un habilitado nacional é imprescindible a tempo completo. Sábeo porque traballou moito na Mancomunidade co habilitado que había. E sabe hasta que horas se traballaba. Non se lle deu importancia até agora que nos da nos morros. E vai estalar ben forte, porque hai unha nova lexislación, da que xa dixo, dende o principio, que ía vir... Pero ela era a mentireira. Pois aí está. Ela ten boa relación coa Secretaria que está agora, pero están sen aprobar as Contas do 20, do 21, do 22.... O presuposto sen facer... Estamos nesta situación, que é grave. Moitos Alcaldes, e non do meu partido, din que teño a razón, que o levo dicindo moitos anos atrás...

No ano 2015 se pediu o primeiro préstamo á Deputación. Quitou unha convocatoria ao mesmo tempo que o POS, onde se podía pedir un préstamo para ir facendo obras. O 80% dos Concellos acudiron a estes préstamos. Está máis convencida que nunca de que o Concello de Lousame fixo o correcto. Non debera utilizar o Sr. Moledo esta información. O Pleno foi hoxe na Deputación. Pero a resolución aínda non chegou ao Concello. Agora a Deputación creou un POS novo, con 4 millóns de euros para toda a provincia. Neste POS, os Concellos que non tiñan que amortizar nada este ano, como Lousame, destínase parte deste POS a amortizar esa débeda coa Deputación. E para aqueles Concellos que non tiñan débeda danlles unha contía que poden destinar a gasto corrente. Este reparto das cantidades aos Concellos fíxose con criterios POS. Facendo unha análise do que son os cartos, penso en todas as obras que están desfrutando os veciños, que se financiaron con eses préstamos, se non os houbésemos pedido, canto custarían hoxe.... Sería imposible que o fixésemos porque valen os proxectos máis do dobre. Non poderían ser asumidas. Co que se reafirma na petición deses préstamos provinciais. Por exemplo, a un dos Concellos que non o pediron, agora reciben 54.000 €. Que obra se fai con 54.000 €? Mañá mesmo, a xuro cero, se hai unha necesidade no Concello, o volve a pedir. Cando chegou había 600.000 € con entidades bancarias. Prometeu eliminala, e foi eliminada. Se xurde algo importantísimo e non hai máis remedio tamén acudirá a un préstamo bancario. Intentará non facelo, pero se non hai outro remedio non vai negarse a recorrer a esta fonte de financiamento. Se é a custo cero, nin o cuestiona.

O voceiro do Grupo Mixto o que preguntou era que obra do POS complementario ía deixar de facer.

A Alcaldesa di que ningunha, pero está á espera de ver a resolución definitiva. Ela o que por agora sabe é que se da un POS novo cos estes destinos que acaba de mencionar. E un POS adicional. Pero isto non ten nada que ver, en principio, co POS complementario. O POS complementario mandan pedir. E algunhas veces queda algunha obra sen facer. Pero non o sabemos até a resolución do POS complementario que ven logo da do POS normal. Nese momento, se non hai complementario, diremos cales son as obras que quedan fora. Mentres tanto ela presentou o complementario, que lle obrigaron a facelo. Non pode dicir nada máis.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

6) Pregunta por que a Acta que o outro día quedou sen aprobar no último pleno non se trouxo a este para ser aprobada. Quería que constase en acta que a Alcaldesa lle chamou "alcalde sucedáneo". El non ten nada persoal contra a Alcaldesa, pero parece que a Alcaldesa si ten algo persoal contra el. Pero non pasa nada. Hai que saber con quen se fala e non insultar sen motivo, como fixo a Alcaldesa.

7) O Período Medio de Pago do Concello é de 41 días. Quería saber se é debido a que os orzamentos foron aprobados tarde a arrastro.

8) No informe da Secretaria relativo ao control financeiro, na páxina 5, cre que hai un erro, porque fai referencia ao Concello de Porto do Son. Cre que é o seu deber, se detecta un erro, dicilo para que se corrixa.

9) Non concorda cos informes da Intervención onde propón transferir cargas do Concello á Deputación Provincial. A Alcaldesa ten que conseguir o seu traballo e conseguir o persoal necesario para facelo. Ese é o traballo da Alcaldesa. A Secretaria di que hai falla de persoal no Concello e que fai tarefas que non lle corresponden. El considera que a Alcaldesa ten que facer o seu traballo, que están cobrando tres persoas, para que as prazas se cubran. O BNG non está de acordo con que se transfiran servizos á Deputación, posto que están en contra delas.

10) Pregunta que pasou coa subvención de Taekwondo, que non lle quedou moi claro. Porque se pagou fora do prazo outorgado.

Alcaldesa: Non pode contestar. O técnico xurídico está de baixa por unha lesión e é quen tramita estes expedientes. Cando volva preguntaralle, xa que non recorda que é o que pasou coa subvención do ano 2022.

11) Quería solicitarlle que lle mandase unha invitación para acudir a todos os actos do Concello, porque considera que deben ir todos os membros da Corporación, non só os do equipo de goberno. Por outra banda, parece que temos un concelleiro máis… Refírese ao cura de Noia que tamén fai de cura no Concello de Lousame. Sorpréndelle que na mesa presidencial estea o señor párroco cando estamos nun estado laico e aconfesional. Gustaríalle saber a que ven esa presencia do cura. Tamén lle parece que estaba unha conselleira da Xunta do Partido Popular. Era unha comida do Partido Popular.

Alcaldesa: A Conselleira non estivo… Simplemente parou a saúdar porque ela ía para un acto. Non era unha comida do Partido Popular. Alí había moita xente do seu partido e do PSdG-PSOE. Non era unha comida do Partido Popular. Xa lle mandará unha convidación para o vindeiro ano.

D. Anxo Moledo Carreño di que non ten ningún interese en asistir a esa comida pero parécelle unha falta de respecto que non se invite a toda a Corporación.

Alcaldesa: Pídelle aos seus concelleiros que cando exista algún acto da súa concellería que se lles remita invitación expresa a todos os concelleiros da Corporación. En primeiro lugar ao Grupo Mixto e logo ao Grupo Socialista.

O voceiro do Grupo Mixto dille a Alcaldesa que pode dicir BNG.

A Alcaldesa di que non ten ningún problema en dicir BNG, pero en Lousame hai o Grupo Mixto, Grupo Socialista e Grupo Popular. Pero non porque o diga ela, senón porque o di a lexislación.

12) Pregunta se este ano se van subir os impostos.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A Alcaldesa toma a palabra indicando que vai contestar ás preguntas do anterior Pleno Ordinario (05/04/2024), procedendo á lectura das mesmas.

A) Preguntas formuladas polo PSdG-PSOE no pleno ordinario do día 05/04/2024:

1.- Unha vez rematado o período de eleccións autonómicas, o Partido Popular fixo unha proposta de campaña para desdobrar a vía de Santiago a Noia. Isto non lle parece tan prioritario. Por iso roga que o Pleno de Lousame se chegue a expresar a favor de solicitar a ampliación da ponte de Portobravo. Para nós é máis prioritario que o desdobramento. Que se faga de cara aos vindeiros 4 anos.

Alcaldesa: Considera que é importante desdobrar o corredor. Non o foi no seu momento, pero agora si. Ela vai a Santiago varias veces na semana e hai horas onde hai caravana para aquí e para alá. Ten moitísimo tráfico. Os grupos políticos aos que agora non lle parece prioritario o desdobramento, anteriormente, cando se colocaron conos de plástico na mediana para dividir ben os dous carrís e evitar accidentes, pedían o desdobramento da vía... O tráfico aumentou moito até esta zona e cremos que é imprescindible que se faga e canto antes. En canto ao de Portobravo... Cre que o poderían solicitar aparte, pero non en comparación co desdobramento do corredor Santiago-Noia. Considera que non hai que contrapoñer as necesidades. Claro que tamén hai a necesidade de aumentar a ponte. De que hai que facer un proxecto? Si. De que hai que transmitilo e que xa está transmitido? Tamén. Esta necesidade tamén xa foi transmitida a esa conselleira á que antes se aludiu, xunto con outras peticións. E llo volverá a transmitir. Claro que quere que se faga, como quere que se faga arranxos na estrada que vai de Noia a Padrón.

D. Juan José Prego Ces di que igual eles non se explicaron correctamente neste rogo. Eles non queren sacar prioridade ao desdobramento do corredor. O que queren é darlle prioridade á Ponte de Portobravo, sen sacar prioridade ao desdobramento.

D. Anxo Moledo Carreño di que agora mesmo o Concello de Noia está intentando que se faga unha variante que veña a dar aquí.

A Alcaldesa di que xa o sabe. Que iso é o futuro.

D. Anxo Moledo Carreño considera que agora se está con ese tema e que como Concellos non debemos quedar descolgados...

A Alcaldesa di que non imos quedar descolgados.

2.- En relación ás obras do interior de Lesende, relativas ao lavadoiro municipal. Trátase dun ben de interese cultural. Fíxose un proxecto para facer unha reforma incorporando pedra e un aplacado. Pero gastando uns cartos considerables nesas partidas, se lle está colocando unha cuberta con estrutura metálica. Os veciños preguntaron se ía ser de madeira, pero realmente é metálica. É certo que aínda está por rematar. Pero espera que se asuman as obras necesarias para que esa intervención non distorsione o interior dun núcleo tradicional como é ese. Houbo problemas no lavadoiro de Tállara (no seu día sacóselle o tellado e non volveu a poñerse), igual houbo problemas no de Merelle... Preocupáballes que non se lle puxera o tellado ao lavadoiro de Lesende, pero cre que esta opción escollida no é a máis axeitada.

Alcaldesa: Esta pregunta non a vai contestar porque o lavadoiro de Lesende xa está rematado, e xa pode verse como é o acabado final.

3.- Hai uns veciños no tramo de Fontefría, por un tema de incorporar uns tubos para o paso a unha parcela. Puxéronse uns tubos para acceder a varias parcelas, pero xusto nesta parcela non hai eses tubos. Falouse cos veciños. Chegouse a un acordo con eles, pero ese acordo non se levou a cabo. E coas choivas dos últimos días o lugar está perigoso. Os temporais que imos encadenando fan que a zona estea bastante mal.

Alcaldesa: Non entendeu a pregunta.

D. Juan José Prego Ces cre que a súa compañeira ao formular a pregunta non se explicou demasiado ben. Porque foi el quen foi a ver a zona.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Alcaldesa: Cando se fixo o acceso había unha persoa que xa non está, había un problema aí, e quedouse de poñer un tubo.

D. Juan José Prego Ces di que non é nesa zona. É pasando Fontefría hacia Bargo, xusto onde se acaba a aldea. Hai un ramal a man dereita, antes de pasar a ponte, que hai unha casa branca alí arriba. Nesa cuneta hai un tramo que ten tubos de formigón. E hai outro tramo que non o ten. Onde non o ten, a auga vaille comendo á finca, e hai unha inseguridade grande, pola altura da cuneta. A cuneta pode ter metro e medio de fondo.

A Alcaldesa contesta que irá alí a mirar a zona e ver a solución que se pode adoptar.

4.- Hai unha obra na Cabaleriza, unha obra que é moi necesaria no interior, o acceso dende a estrada provincial até o interior. No núcleo de Millón, no centro. Hai que habilitar pasos de entrada e saída. Ou alomenos manter circulacións en un sentido, sobre todo para que poida pasar un vehículo de emerxencias. Que un vehículo poida entrar por un lado e saír por outro, porque ás veces nos núcleos é difícil dar volta.

Alcaldesa: Millón ten tres accesos. Pídelle ao concelleiro socialista que pregunte todo o que se fixo alí, e o que se mellorou... E seguirá. Pero non dan abasto.

D. Juan José Prego Ces pregunta se agora que se vai actuar na Cabaleriza...

A Alcaldesa di que iso non é posible. Os proxectos que se presentan teñen que adecuarse exactamente a esa obra. Ela agora non pode modificar ese proxecto. Pode retiralo e presentar outro.

D. Juan José Prego Ces di que non quere que se deixe de facer o proxecto da Cabaleriza.

A Alcaldesa di que haberá que esperar a presentar o proxecto noutro programa.

B) <u>Preguntas formuladas polo Grupo Mixto no pleno ordinario do día 05/04/2024:</u>

1.- Gustaríalle que estivese Teresa, A Alcaldesa, para poder responder. Porque entende que os está tomando por parvos. Que lles está faltando á verdade en varias cousas. O voceiro do Grupo Mixto explica que a Alcaldesa dixo nunha Xunta de Voceiros e en sede plenaria que había unha ordenanza da época de Vidal na que se mandaba cobrar o saneamento. E a ordenanza que está en vigor data do ano 2013. El cre que Teresa era xa Alcaldesa cando se modificou esta ordenanza. Polo tanto vemos como está faltando á verdade.

Alcaldesa: Explica que non houbo ningún cambio de fondo. A ordenanza anterior estaba en pesetas. E por petición da Secretaria-Interventora daquel momento, cambiouse a euros. Ese foi o único cambio que se fixo. Pero a ordenanza en si non se modificou.

O voceiro do Grupo Mixto cre que se a Alcaldesa non estivese a favor dunha ordenanza municipal non a adecuaría nin a euros nin a nada. Vostede díxonos no seu despacho que a Deputación da Coruña lle obrigaba a cobrar....

A Alcaldesa di que alguén da Deputación da Coruña, e non ten por que ser político, dixo que deberamos adecuar a realidade ás ordenanzas. E se temos unha ordenanza tempos que aplicala. Pero para aplicala, hai que adaptala á realidade.

2.- Na Acta do día 08/02/2024, que quedou enriba da mesa, a Alcaldesa falaba de que tivera unha entrevista cunha deputada do BNG de Servizos Sociais e que tiña solicitada outras dúas. Roga que deixe de mentir, porque iso é imposible. Xa que Servizos Sociais da Deputación da Coruña non o leva o BNG, que o leva o PSdG. O BNG leva Igualdade. E preguntou en Igualdade, por se a Alcaldesa se confundira coa Área... Pero non. A Alcaldesa non se reuniu con ningunha deputada do BNG. A Alcaldesa de Lousame non ten solicitada ningunha reunión con ningún deputado ou deputada do BNG. Para el iso é faltar á verdade descaradamente, aquí no Pleno de Lousame.

Alcaldesa: Non é así. Ela dixo que solicitou unha entrevista con ela, e que estivo reunida con ela, e que lle acompañou unha asociación. Non foi na Deputación. Ela veu a Santiago e díxolle que podían quedar nun punto en Santiago. E así foi. E nesa reunión estivo ela, estivo a Asociación Misela e estivo a súa compañeira Deputada, que é unha persoa nova, que se incorporou nesta lexislatura.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

D. Anxo Moledo Carreño insiste en aclarar que Servizos Sociais na Deputación da Coruña non o leva o BNG.

A Alcaldesa pregunta se entón é iso o que o Sr. Moledo lle quere dicir. Que o leva o PSdG-PSOE.

D. Anxo Moledo Carreño di que a Alcaldesa non se reuniu coa Deputada de Igualdade, da comarca, que se chama Soledade.

A Alcaldesa insiste en que non coñece o nome dos novos deputados. Sabe o nome dos deputados cos que fala frecuentemente por asuntos de Lousame. Se tivo un erro e díxolle ao Sr. Moledo que era a súa compañeira, supón que non se avergoñará, e resulta que non é do BNG senón do PSOE.... se ese erro lle ofendeu, pídolle desculpas. Pero é un simple erro, se é o PSOE ou do BNG, xa que son do mesmo grupo de goberno....

D. Anxo Moledo Carreño si que son do grupo de goberno pero non son do mesmo grupo político.

A Alcaldesa insiste en que son do mesmo grupo de goberno e pídelle que non teña complexos por estar nese grupo. Ela como Alcaldesa ten que dirixirse ao grupo de goberno da Deputación. E dalle igual se é do PSOE ou do BNG.

3.- Quería preguntar se alguén foi o mércores á reunión da Mancomunidade. Porque alí falouse outra vez de subir o recibo aos Concellos, que había que dobrar a cantidade. Quería saber se Teresa ten información por parte da persoa que representou ao Concello. Pois ten a obriga de representarnos a todos e ten obriga de darnos explicacións do que alí se fala. Se non se pode contestar agora, gustaríalle que se lle convocase a unha Xunta de Voceiros para falar deste tema.

Alcaldesa: Sen entrar en detalles persoais, que só a ela lle incumben, quere dicir que indo camiño de Santiago para outra reunión, deuse unha circunstancia que só lle importa á súa familia, e tivo que chamar inmediatamente á Mancomunidade para excusar a súa ausencia... Eran sobre as catro menos dez, ou as catro, non o recorda... Non diga que logo minto se me equivoquei na hora... A quen chamo a esa hora ao Concello para facer un decreto de delegación? Ela sabe todos os puntos que se trataron alí e sabe das intervencións de cada grupo. E nesa Xunta de Portavoces, falaremos diso. Pida a Acta e mire as intervencións de cada grupo. Algunhas, lle sorprenderon.

4.- Recibiu varias queixas dos veciños polo cambio do autobús escolar. A Alcaldesa saíu en prensa dándolle as grazas a unha nai por levar aos nenos ao colexio, pero é que a alternativa que lle deron era levar aos menores a outra parada que lle quedaba máis lonxe que ir ao colexio....

Alcaldesa: Esta pregunta non a vai contestar, porque xa foi debatida hoxe no Pleno, en relación ao transporte escolar.

5.- Quere preguntarlle á Concelleira de Servizos Sociais se se fixo algo este ano na praza do Concello polo 8M, porque non recibiron invitación. Xa non foron convidados en novembro, e non saben se se fixo algo ou non con ocasión do 8M.

Alcaldesa: Esta pregunta xa foi contestada no anterior Pleno. Pídelle ao Sr. Moledo Carreño que non se preocupe que vai ter unha invitación específica para cada acto do Concello. Aparte así, o Sr. Moledo Carreño sa sabe en que está a traballar o equipo de goberno.

6.- Tamén quere saber que está facendo o Concello coa fibra. Con que empresas está chegando a acordos. Porque hai concellos que están chegando a convenios con rede aberta e en zonas onde non había fibra está chegando. Así quere saber con que empresas se traballa para eliminar os puntos negros que hai no Concello.

Alcaldesa: Este tema xa foi tratado no Pleno. Temos un convenio coa FEGAMP. As instaladoras grandes de sempre abandonaron os proxectos de fibra, e abandonaron aos pequenos Concellos. A partir daí foi a AMTEGA, foi á Delegación do Goberno, e posteriormente veu a sinatura dese convenio. Quen está traballando agora é Rede Aberta. Pero isto é a instalación. O Concello comprometeuse a que se había postes do Concello de luminarias, que os compartíamos con eles. E o mesmo tiñan que facer Fenosa e Telefónica. E aí está habendo algunha cousiña. Está colocada en moitísimos sitios. Moitos que estaban pendentes, están cubertos. A partir de que está a instalación, cada veciño ten que chamar para que lle fagan a instalación na súa casa. Esa información non a teñen todos os veciños. Pon o exemplo dun veciño de Marracín que comentaba que había xente que xa tiña fibra na casa pero el non a tiña. Era porque lle faltaba dar o seguinte paso. Houbo a xente á que lle foi pola porta da casa varias empresas... e igual cando foron á súa casa, non

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVP1ByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

estaban. Preguntou no Concello e lle dixemos que chamasen á empresa que quixesen, pero que a fibra xa chegaba a esa zona. E así traballando un a un con todos os sitios nos que saben que hai problemas de cobertura.

Aproveita para informar dos repetidores do móbiles, de Burzó e o de Bargo que da servizo a unha parte negra da Escabia. Está colocado o de Burzó, pero falta o de Bargo. Chamou e lle dixeron que ía na partida deste ano. Que tan pronto estivese habilitada a partida, pois xa se acometería. Está facendo un seguemento día a día. Por iso ás veces está tanto tempo aquí, e aínda así non lle chega o tempo e ten que seguir na súa casa... con todas estas xestións e moitas máis que non está nomeando aquí.

7.- Tamén quere saber se o Concello vai ter unha reunión cos gandeiros polo cártel do leite.

Alcaldesa: Xa a tivo. E incluso se lles pasou un modelo para poder reclamar. Pero escoitándoos aprendeu cousas que descoñecía da súa problemática. Unha vez que saíu a sentenza ao seu favor, faise un modelo de reclamación apoiándose nesa sentenza. Dixeron que había empresas que estaban nese cártel. E tamén había outras, que aínda que non estaban, apoiáronse na mesma teoría para baixar o prezo. Terá que consultar con sindicatos, consellerías, para ver se poden facelo con aquelas empresas que non están no cártel, pero tamén afectaron aos seus intereses. Eles pediron se se podía mandar todo xunto desde o Concello.

D. Anxo Moledo Carreño considera que isto é algo grave e que o Concello se ten que poñer de parte dos gandeiros.

A Alcaldesa di que sempre estiveron de parte do gandeiros.

8.- Quere saber se alguén da directiva ou algún xogador se puxo en contacto con vostede para dicirlle que ese campo de Cabanetán estaba en mal estado.

Alcaldesa: ela é coñecedora de que o céspede precisa ser substituído, que non hai amortiguación suficiente e que se poden producir lesións. Contactou co Clube de Cabanetán. Díxolle que nese momento, coas gañas de solucionalo, non pensou no préstamo IGVS, e pensou en plantexarlle á Consellería que subvenciona parte dos vestiarios facer o cambio da subvención, en vez de destinala aos vestiarios do Cruído, destinala ao céspede do Cabanetán. E incluso falou coa directiva do outro clube, que dixo que non había problema. Ao día seguinte empezou cos trámites, pero xa se deu conta que ese proxecto está tamén financiado polo IGVS, préstamo que ten unha finalidade concreta e que non se pode variar. De todos os xeitos chamou igualmente ao IGVS para ver se había algunha posibilidade de facer algún cambio, e dixeron que non. Que estaba concedido con esa finalidade e polo tanto non era posible variar agora o destino. Esta información é a que non tivo tempo de trasladar á directiva do Cabanetán. Ten que buscar a data para fixar esta reunión. De luns a mércores xa non vai poder ser, porque ten outras reunións. Mirará na fin de semana e tentará convocar a reunión para o xoves, posiblemente. Nesa reunión miraremos que solucións podemos adoptar, que facemos, se aguantamos un pouquiño máis, até o ano que ven e o facemos o ano que ven... Se non se pode aguantar, e hai que pechar o campo, pois pecharase...

A Alcaldesa remata dicindo que as preguntas formuladas no Pleno do 31/05/2024, non contestadas, serano no vindeiro pleno.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos (22:45 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A Alcaldesa, Mª Teresa Villaverde Pais

A Secretaria, Paula Ares Otero

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 07/08/2024 12:48:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 07/08/2024 13:31:00)
Versión imprimible
CVD: 9wXce2U1DzVPiByBP43n
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es.
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).